

Ali Arango

Concerto: día 8 de marzo de 2024,
20:00 horas (entrada libre)

Curso: días 9 e 10 de marzo,
de 10:00 a 20:00 horas

Auditorio do CMUS Santiago
www.conservatoriosantiago.gal

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA



X U N T A
D E
G A L I C I A

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

PATROCINAN



KNOBLOCH



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



ORGANIZACIÓN

Departamento de Guitarra
Conservatorio Profesional Santiago
Av. Monte dos Postes S/N 15703 Santiago

INSCRICIÓN:

Para a inscrición, débense mandar os seguintes datos, xunto con copia do documento de pago da matrícula, ao correo:

xaranova@edu.xunta.gal

- Nome
- Apelidos
- Data nacemento
- Dirección
- Teléfono
- Mail
- Obras a traballar (só activas/os)
- Preferencia: mañá/tarde

COLABORAN



Pauta
Tu tienda de música en Santiago



AirClassical
Estudio de gravación Santiago



Alí Arango é un dos guitarristas máis destacados da súa xeración. Cun virtuosismo ao servizo da musicalidade e unha mestura equilibrada de sutileza e forza expresiva, conquistou todo tipo de públicos e xurados. Graduado do Conservatorio "Amadeo Roldán" (Habana, Cuba) no ano 2001 e do Conservatori del Liceu de Barcelona en 2017, gañou o Premio Extraordinario. Paralelamente foi alumno de Antonio Alberto Rodríguez e Joaquín Clerch. Recibiu clases ocasionales de Leo Brouwer, ademáis de participar en diferentes proxectos junto ao grandísimo compositor.

Foi gañador de 23 premios en concursos internacionais de guitarra clásica, entre os que destacan o Francisco Tárrega, o Andrés Segovia, o Concurso Internacional Alhambra e outros de altísimo nivel. Foille concedido o premio TRUJAMÁN 2019 por ser un dos guitarristas latinos máis recoñecidos e con maior proxección internacional da súa xeración. Gravou dous álbumes para Naxos na "Laureates Series"; un disco sobre Tárrega para Contrastes Record e un co dúo Pyrophorus para JSM Guitar Records.

Varios compositores compuxeron obras para Alí, como "Paisaje Cubano con Tristeza" de Leo Brouwer ou Estudio N°4 "Para el dedo anular" de Joaquín Clerch. Foi o encargado da premier mundial de tres obras de Brouwer. Actuou en importantes salas de concerto de Europa, Asia e América e é invitado regularmente a festivais e universidades para ofrecer masterclass. Como compositor figuran no seu catálogo obras para guitarra sola, dúos para guitarra e outros instrumentos, formatos de cámara e música para video-arte e documentais. ademais de fundar PYROPHORUS GUITAR DUO e integrar o grupo de fusión BARCELONA GUITAR TRIO.

MATRÍCULA NO CURSO

Activos (alumnado do CMUS Santiago): 50 €

Activos (externos): 70 €

Oíntes: 20 €

O alumnado que participe como activo terá dereito a dúas clases individuais de 45 min. entre os días 9 e 10 de marzo, en horario de mañá ou tarde. O departamento de Guitarra organizará os horarios do curso respectando na medida do posible as preferencias dos matriculados. Recoméndase facer constar esas preferencias horarias no mail de inscrición.

As prazas adxudicaranse por orde de chegada dos formularios, que deberán vir acompañados do comprobante de pago da matrícula no seguinte número de conta:

IBAN ES04 2080 0348 3030 4001 1278

BIC CAGLESMMVIG

Concepto: Curso Alí Arango

Non se admiten envíos por correo ordinario; só a través do mail que figura nos datos de contacto, onde tamén se pode consultar calquera posible dúbida. O número de prazas para activos é de 10. A inscrición abrírase o día 12 de xaneiro e pecharase o 1 de marzo de 2024, ou no momento en que se completen as prazas. Non hai límite de prazas para oíntes. Non se poderá anular a matrícula nin solicitar a devolución do ingreso unha vez efectuado. Todos os participantes obterán un certificado de asistencia con recoñecemento de horas expedido polo centro.